



Concello do Porriño

Concello do Porriño
TABOLEIRO DE EDICTOS MUNICIPALES

DOCUMENTO:

Data inicio de exposición: 04-08-2025
Data final de exposición: 04-09-2025
O Porriño, a de de

PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA DEFINITIVA, DE SETE PRAZAS DE OPERARIOS DE OBRAS E SERVIZOS, FUNCIONARIOS DE CARREIRA, INCLUÍDAS NA OFERTA PÚBLICA DE EMPREGO DO ANO 2024.

ANUNCIO RESOLUCIÓN DAS ALEGACIÓNS PRESENTADAS AO SEGUNDO EXERCICIO (PRÁCTICO).

O Tribunal procedeu ao estudo e resolución das alegacións presentadas ao segundo exercicio da oposición (práctico), durante o prazo establecido no anuncio publicado o día 23-07-2025, no taboleiro de anuncios da sede electrónica e no taboleiro físico de anuncios do Concello do Porriño, e de forma complementaria, na páxina web municipal www.oporrino.org, segundo se recolle de seguido:

Vistas as alegacións presentadas por DONA MARÍA DE LA CONCEPCIÓN TRABAZO ACUÑA, con DNI **1615, segundo escritos fechados o 24 e 31 de xullo de 2025, o tribunal por unanimidade desestima todas elas, baseándose no seguinte:**

Sobre a falta de iluminación, se considera que era máis que suficiente as condicións para a realización da proba, entre a luz natural que había ao estar a porta aberta e as luces eléctricas prendidas, amais se cría que había pouca iluminación, que non era o caso, podería habelo manifestando aos membros do tribunal alí presentes, así como outros opositores solicitaron o uso de gafas e non se puxo obxección. A maiores, se lles permitiu todo o tempo que quixera o opositor para ver as pezas e poñelas a súa maneira e só se activaba o cronómetro cando estes confirmaban que estaban preparados.

En referencia á motoserra utilizada, era da marca Husqvarna, a cal é unha marca punteira dentro das ferramentas de xardinería e a motoserra utilizada no exercicio da oposición se encontraba en perfecto estado de uso e con todas as medidas de seguridade. A recorrente non pode alegar que había un problema coa espada e que non lle encaixaba ben o tensor, cando esta non o había colocado nunha posición idónea para seu montaxe e seu descoñecemento para o manexo desta maquinaria non pode ser motivo de recurso, porque outros opositores si que realizaron o exercicio de forma correcta.

Se desestima a solicitude de repetición da proba, porque causaría indefensión ao resto de opositores, xa que coñecería perfectamente o exercicio a desenvolver na oposición.

Vista la alegación presentada por D. JOSÉ MARÍA RODRÍGUEZ LAGO, con DNI *0846**, segundo escrito fechado o 27/07/2025, onde en resumen alega que un peón non pode usar unha motoserra e só maquinaria manual, o tribunal por unanimidade a desestima, baseándose no seguinte:**

Tal como fai constar o recorrente, no propio temario do proceso selectivo, figura un tema que trata das nocións básicas de xardinería, así como o recoñecemento e conservación das ferramentas. Entender o recorrente, que o cambio dunha simple cadea dunha motoserra non é un traballo de conservación de ferramenta, pois chega a ser incongruente, xa que é unha función básica a desenvolver por un peón de xardinería, cando na propia valoración de postos de traballo do Concello de O Porriño, establece que o posto de peón de xardinería, ten como funcións, entre outras, “asumir la conservación y mantenimiento básico del equipo, herramientas y utensilios propios de las funciones que desempeñan”. A maior abastamento, os propios peóns de xardinería do Concello de O Porriño, usan a motoserra en caso de ser necesario. Por todo elo, se desestima a alegación presentada.

Concello do Porriño

C/ Antonio Palacios, 1, Porriño, O. 36400 (Pontevedra). Tfno. 986335000. Fax: 986330579



Cod. Validación: 9SK4JQGL3QPHPSDTLRPXRHSZ
Corrección: <https://oporriño.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 2

Eduardo Portela Fernández (1 para 1)
Secretario Xeral
Data de Sinatura: 04/08/2025
HASH: 34460d61e959b72127780add2d48ec7



Concello do Porriño



Concello do Porriño

Vistas as alegacións de DONA ADELAIDA FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, DNI *4639**, segundo escrito fechado o 28/07/2025, o tribunal por unanimidade desestima todas elas, baseándose no seguinte:**

Sobre a falta de iluminación, se considera que era máis que suficiente as condicións para a realización da proba, entre a luz natural que había ao estar a porta aberta e as luces eléctricas prendidas, amais se cría que había pouca iluminación, que non era o caso, podería habelo manifestando aos membros do tribunal alí presentes, así como outros opositores solicitaron o uso de gafas e non se puxo obxección. A maiores, se lles permitiu todo o tempo que quixera o opositor para ver as pezas e poñelas a súa maneira e só se activaba o cronómetro cando estes confirmaban que estaban preparados.

Durante a proba se encontraba presente o Secretario del Tribunal, así como o Presidente e o persoal designado polo Tribunal para dar asesoramento ao mesmo na realización da proba, por elo, xa que o resto do tribunal se encontraba realizando vixilancia do resto de opositores para que non se filtrara o exercicio práctico.

En referencia ao tempo inadecuado, para montar e arrancar unha motoserra, se fai constar novamente, que se lle explicou en que consistía o exercicio práctico, tendo o opositor o tempo que consideraba oportuno para ver a máquina e despiece da mesma e iniciar o exercicio cando a recorrente manifestaba que estaba preparada. A falta de coñecemento ou pericia para a realización da proba, non pode ser aceptada por este tribunal como alegación.

Se desestima a anulación da proba, xa que foi realizada por varios opositores con éxito, incluso algún que non chegou ao aprobado, en 25 segundos tiña montada a espada e cadea da motoserra, pero ao equivocarse coa colocación do tensor, derivou que non superaran a proba selectiva.

Así mesmo o tribunal acordou:

-Publicar o resultado da resolución das alegacións ao segundo exercicio da oposición (práctico), nos taboleiros de anuncios da Sede electrónica e taboleiro físico do Concello do Porriño, sen prexuízo da súa publicación, de forma complementaria, na páxina web municipal www.oporrino.org.

-Convocar aos aspirantes que superaron o segundo exercicio (práctico), que non acreditaron xunto coa solicitude para participar no proceso selectivo, posuír o título CELGA 1, **para a realización do terceiro exercicio coñecemento do galego** da carácter obrigatorio e eliminatorio, debendo comparecer:

O día 6 de agosto de 2025, ás 11:00 horas, no Salón de Plenos do Concello do Porriño, provistos do DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade.

Documento asinado dixitalmente no Porriño na data indicada na marxe.

O Secretario do Tribunal.- Eduardo Portela Fernández.

Concello do Porriño

C/ Antonio Palacios, 1, Porriño, O. 36400 (Pontevedra). Tfno. 986335000. Fax: 986330579

Cod. Validación: 9SK4JQGL30PHPSDTLRPXHXSZ
Corrección: <https://oporrino.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 2

